



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 19 de novembro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19 de novembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12/11/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/5054

Dáse conta do informe do Enxeñeiro Técnico Industrial, no que se indica:

O Concello de Vilagarcía de Arousa pretende a compravenda dunha franxa de parcela con ref. cat. 7248024NH1175S0001RG, destinada a regularizar a aliñación na Rúa do Freixo para poder mellorar as infraestruturas municipais.

A franxa da parcela que se pretende incorporar á rede viaria ten unha superficie de 551,60 m², e atópase afectada na súa totalidade polas aliñacións do PXOM vixente, segundo plano anexo ao informe.

Os citados terreos son de titularidade de **Compañía Industrializadora de Bacalao SL**.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda ofertar a cantidade de 15.000 € polos terreos indicados, facéndose constar que de aceptar a oferta os propietarios dos mesmos, o Concello asume a súa urbanización para a incorporación ao vial público.

PRP2018/5055

Dáse conta da proposta do Encargado do Servizo de Alumeado, en relación coa reparación da bomba da estación de bombeo Santa Mariña e no que indica que a reparación ten que ser realizada por un taller oficial da mesma marca, dada a complexidade da mesma e a necesidade de pezas orixinais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sulzer Pumps Wastewater Spain SA** para a reparación da bomba da estación de bombeo Santa Mariña 1, por un importe total de 2.057,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5056

Dáse conta de proposta do Encargado do Servizo de Alumeado en relación coa necesidade de reposición da caldeira de gas do edificio municipal situado na Avda. de Matosinhos, dado que a caldeira existente non se pode reparar pola falta de pezas debido á súa antigüidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Instalaciones Ecovila SL** para o subministro dunha caldeira de gas natural de condensación estanca marca wold modelo FGB k-28 de 24 Kw de potencia para servizo de auga quente e calefacción, combustión estanca incorporada ó conduto de evacuación, por un importe total de 1.700,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5057

Dáse conta do escrito presentado por Dona Cristina Fontenla Iglesias, en representación de **Mi Vestidor Azul SLU** solicitando autorización para realizar unha actuación dun DJ no local situado en rúa Arcebispo Lago nº 6-Baixo o día 23 de novembro de 2018, en horario de 18:00 a 21:00 horas.

Visto o informe da Policía Local e de Actividades Clasificadas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/5058

Dáse conta do escrito de **Dona Rosa María Tourís García e outros**, manifestando a súa disconformidade coas medidas acordadas pola Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2018, relacionadas coa mellora da seguridade na Tv. De Rúa Pablo Picasso e na que propón unha serie de medidas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

Débase ter en conta que esta é un tipo de vía que debido á súa estreitez, con vivendas pegadas ó camiño no marxe esquerdo, así como que ten un trazado irregular e con varios tramos curvos que impiden ter unha visibilidade ampla da zona, fai que a circulación a pesares de ser unha vía dun só sentido da marcha, deba ser especialmente prudente e a velocidade moderada, acorde ás características da vía.

Neste caso xa se propuxeron medidas de calmado do tráfico, que independentemente de cales se apliquen, parece una medida aconsellable.



En relación ó estacionamento de vehículos nesta rúa e atendendo á perigosidade relatada no escrito sobre a convivencia de peóns e vehículos nunha rúa destas características, e mellor sería evitar o estacionamento naqueles tramos estreitos e que polas dimensións da rúa non faga aconsellable o estacionamento, substituíndo o espazo ocupado actualmente por vehículos estacionados por unha zona específica para a circulación dos peóns, que neste caso debe continuar na marxe próxima ás vivendas.

A día de hoxe a limitación á velocidade e de 30Km/h, e acordouse sinalizar horizontalmente, que tamén prece o máis axeitado.

En relación a restrinxir a circulación de vehículos ós residentes, non se entende cal é o obxectivo, a perigosidade sería a mesma, sobre todo si como se propón continúan os vehículos estacionados na rúa. O feito de sinalizar unha vía como de uso para residentes fai moi complicado o control sobre cumprimento da sinalización e discernir quen son residentes, usuarios, servizos etc. De considerarse tan perigosa a convivencia entre vehículos e peóns a medida a adoptar sería prohibir o paso de vehículos, en ningún caso sinalizar agás residentes, propoñeríase en todo caso camiño de peón de uso exclusivamente peonil, agás garaxes.

Que polo exposto as medidas acordadas no seu día parecen as aconsellables.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda manter o acordo de Xunta de Goberno Local de 9 de xullo por considerar as medidas axeitadas para a citada Rúa, en base ao informe emitido pola Policía Local.

PRP2018/5059

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Montserrat Fernández Iglesias, en representación de **Tintorería Ría de Arosa**, solicitando a sinalización dunha praza de reserva de espazo para carga e descarga na esquina da Rúa Castelao coa Rúa Alejandro Cerecedo, en horario laborable, con duración de 10 minutos, desde as 9:00 ás 21:00 horas.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que a situación da zona de reserva de carga nesta rúa é desaconsellable, pois diante dun paso de peóns restaría moita visibilidade ó cruce na actualidade e nun futuro impediría/dificultaría ver o semáforo.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a reserva solicitada en base ao informe da Policía Local.

PRP2018/5060

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SETGA SLU** para o subministro de catorce elementos de protección para a beirarrúa, cilíndricos, en aceiro inoxidable, con reflectinte 3m, empotrados no pavimento, de altura mínima sobre a rasante da beirarrúa de 80 cm. para a súa instalación na Rúa Vista Alegre, por un importe total de 1.920, 83 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5061

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación dun espello na confluencia das Rúas Bouciña Alta coa Rúa Alto do Rei, para mellorar a incorporación dende a Rúa Bouciña Alta, xa que a visibilidade na intersección é case nula debido a que está restrinxida polas edificacións, e para ter visibilidade os vehículos teñen que invadir a vía Alto do Rei (con preferencia na intersección ó aproximarse pola dereita nunha intersección sen sinalizar).



Así mesmo acórdase a sinalización horizontal de liñas de detención e STOP, nas Rúas Bouciña Alta e Quinteiro, nas interseccións coa Rúa Alto do Rei.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2018/5062

Dáse conta de escritos presentados por **D. Eladio Lema Gómez** solicitando a colocación de espellos para mellorar a visibilidade en diversas rúas.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de espellos nos seguintes lugares:

- Intersección da Rúa Bouza de Cea coa súa Travesía, á altura do nº 20 da Rúa Bouza de Cea.
- Retrasar ó nº 23 da Rúa bouza de Cea o espello colocado para mellorar a visibilidade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2018/5063

Vista a proposta do Departamento de Informática e tendo en conta as necesidades dos Departamentos, á implantación do seguimento de expedientes e da administración electrónica en distintos servizos, a Xunta de Goberno Local acora aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL** para o subministro de: tres Escáners Epson WorkForce DS-860N; Trece monitores ASUS 24" VE247H LED HDMI e unha impresora de tickets Zebra GX Series GX430t, por un importe total de 6.403,15 € (IVE incluído) con cargo á partida 9201.62300. (Obra 2 nº 02/05/16).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5064

Vista a proposta do Departamento de Informática , debido ás necesidades actuais do Conservatorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, SL** para o subministro de un ordenador portátil NOTEBOOK TOSHIBA SATELLITE PRO A50-E-11E e unha licenza Microsoft Office, por un importe total de 1.510,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5065

Dáse conta dos escritos presentados por Gesenco Gestión en Comunidades SL en representación de **Comunidade de Propietarios Avda. Cambados 13-15** e Dona Dolores García Pena, en representación de **Asociación Breogán – O Piñeirño**, solicitando sinalización de liña discontinua que permita a saída de vehículos na Avda. de Cambados, tal e como estaba con anterioridade aos traballos de sinalización realizados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que os escritos citados foron remitidos ao Servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia, por tratarse dun vial de titularidade autonómica (PO-549).

PRP2018/5066



Dáse conta do escrito de D. Oscar Rey Muñiz, en representación da **Asociación de Veciños Fonte da Coca** en relación coa nova parada dos autobuses escolares na Avda. das Carolinas e que foi remitido a este Concello pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar o seguinte:

As paradas de autobús son fixadas cada ano pola Xunta de Galicia.

Con respecto á posibilidade de que a Policía Local estea presente no cruce nos horarios de parada, resulta imposible ampliar o número de cruces escolares que se atenden.

Con respecto ao recorte da beirarrúa: Estudárase o recorte da beirarrúa nalgúns tramos e a colocación de estacionamento podería favorecer a protección dos peóns e as instalacións.

PRP2018/5067

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa comprobación de aforos sobre a circulación de vehículos pesados na Avda. Rosalía de Castro, no que se indica que o tráfico pesado que circula pola avenida en dirección ao Porto ou procedente do Porto supón o 67% dos vehículos de transportes de mercadorías de máis de 3.500 kg. e a práctica totalidade dos de máis de 18.000 kg.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/5068

Dáse conta da Sentenza 00112/2018 do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra recaída no expediente de reforma 0000006/2018, de data 29 de outubro de 2018, pola que se declara ao menor DTM responsable dun delito de roubo con forza en tentativa na nave municipal situada no Polígono de Trabanca, impoñéndolle a medida seguinte: **9 meses de liberdade vixiada** coa obriga de realizar un programa formativo de carácter prelaboral complementada coa medida de tratamento ambulatorio durante o mesmo período de tempo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Departamento de Servizos Sociais.

PRP2018/5116

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting SL** para o subministro de dez Thin Client NComputing Raspberry RX-DDX e tres CPU's HP Desktop ProDesk 400 G5, para continuar coa implantación de escritorios remotos aos usuarios do sistema informático municipal, por un importe total de 4.095,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/5069

Vista a proposta do Negociado de Recursos Humanos a Xunta de Goberno Local acorda establecer o prazo do 1 de decembro ao 31 de xaneiro de 2018 para formular polos interesados as correspondentes solicitudes de axudas de estudos para o persoal do Concello e os/as seus fillos/as do curso 2018/2019.



ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/5082

Dáse conta de resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, de concesión de subvención para programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, por un importe total de 30.183,20 €, para as seguintes actuacións:

Actuación	Importe anualidade 2019
Inclusión social coa poboación de etnia xitana.	12.535,20 €
Reforzo socioeducativo para menores de etnia xitana.	9.749,60 €
Acceso e mantemento de vivenda para persoas de etnia xitana.	4.178,40 €
Mediación social/intercultural para persoas de etnia xitana.	3.720,00 €

O prazo límite de xustificación é o 5 de novembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a axuda concedida.

Emprego

PRP2018/5083

Dáse conta da Acta de elección de premiados da II Edición de Premios ao Emprendemento do Concello de Vilagarcía – 2018.

Vista a proposta da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda a entrega e o recoñecemento de obriga correspondente ao Segundo Premio, por importe de 3.570,00 € á Empresa **Degaltec Solutions SL**, con cargo á partida 241.48100, mediante o ingreso no número de conta bancaria indicado pola citada Empresa,

PRP2018/5084

Dáse conta da Acta de elección de premiados da II Edición de Premios ao Emprendemento do Concello de Vilagarcía – 2018.

Vista a proposta da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda a entrega e o recoñecemento de obriga correspondente ao Primeiro Premio, por importe de 5.950,00 € á Empresa **Artio Sport Drinks SL**, con cargo á partida 241.48100, mediante o ingreso no número de conta bancaria indicado pola citada Empresa,

PRP2018/5085

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por **Dona María Pilar Vilán Hernández**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.



PRP2018/5086

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por **Dona Josefa Trigo Durán**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/5087

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Carlos Otero Iglesias.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.487,54 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/5088

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Carlos Ocaña Novoa.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 596,67 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/5089

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona M^a Purificación carracedo López**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.007,71 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/5090



Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Sara Freitas SanJuan**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 31 de outubro de 2018, ás 18:59:02 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5091

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Alejandro Díaz Russo**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 31 de outubro de 2018, ás 12:17:07 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5092

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Miguel Angel Fernández Cornejo**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 31 de outubro de 2018, ás 08:58:01 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5093

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Gonzalo Rafael Palacios Bedoya**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 30 de outubro de 2018, ás 11:39:22 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5094

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Milagros Castro Oubiña**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 29 de outubro de 2018, ás 17:07:22 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5095

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Felipe Porta López**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 29 de outubro de 2018, ás 10:11:24 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.



PRP2018/5096

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Gerardo Rey González**, que tivo entrada na Sede Electrónica do Concello o 29 de outubro de 2018, ás 09:40:49 horas.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada debido ao esgotamento de créditos da partida orzamentaria na data de presentación da solicitude.

PRP2018/5097

Dáse conta da proposta da Concellería de Promoción Económica en relación co peche do Programa de Axudas a Creación de Empresas Concello de Vilagarcía 2018, no que se indica que foron presentadas en prazo 38 solicitudes de axuda, das que 31 foron concedidas e 7 resultaron inadmitidas por esgotamento dos fondos existentes na aplicación orzamentaria, sendo a contía total de axudas concedidas de 46.000,00 €, segundo a distribución que especifica na mesma proposta.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á publicación dos resultados de seguimento especificados no taboleiro de editos e na web do Concello www.vilagarcia.es, así como no taboleiro de anuncios da sese electrónica (sede.vilagarcia.gal).

PRP2018/5098

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica – Área de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a prórroga ante a Deputación Provincial de Pontevedra, durante seis meses, do Plan de Formación Práctica para mozos/as titulados universitarios e de formación profesional, que actualmente ven desenvolvéndose no Concello de Vilagarcía, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en aras de coñecemento e actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado laboral.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/5099

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a asistencia de **D. Pablo Vidal Vázquez** a Madrid para participar nunha segunda xornada do Proxecto Europeo da Universidade de Deusto CONNECT, que se vai a celebrar o día 22 de novembro, con aboamento de gastos por un importe total de 71,30 €, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 3261.23020, por importe de 18,70 €
- Con cargo á partida 3261.23120 por importe de 52,60 €

Mercados

PRP2018/5103

Vista a solicitude de **D. Alexandro Pino García**, de cambio de titularidade ao seu favor dos postos nº 24 e 25 da Zona Martín Gómez Abal, do Mercado de Vilagarcía, por ter cumpridas todas as formalidades requiridas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2018.



Visto o informe do Xefe de Mercados, e de conformidade co disposto no Artº 16 do Regulamento de Mercados, acórdase acceder ó solicitado, recordándolle que deberá estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/5117

Dáse conta de proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio coa Empresa **Méndez Santos SL** para a realización do espectáculo da 20 Edición da Festa da Toma das Uvas 2018, que se levará a cabo o día 31 de decembro de 2018, na Praza e Xardíns de Ravella, por un importe total de 7.623,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624, que inclúe as seguintes actividades:

- Pasarrúas
- Animación musical con DJ e speaker
- Espectáculo de animación e acrobacias.

O orzamento inclúe ademais equipo de son, grúa e valos de ocultación.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/5104

Dáse conta de notificación da resolución do 9 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda por importe total de 20.808,04 € ao abeiro da Orde de 4 de abril de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva para actuacións encamiñadas á protección de animais de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- Dar conta ao Departamento de Tesourería para que achegue en prazo ao Departamento de Medio Ambiente o xustificante de pagamento efectivo á Asociación Protectora de Animais para poder proceder á xustificación da axuda.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/5105

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a Campaña do 25 de novembro “Vilagarcía en Negro”, por un importe total de 3.922,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22199, coa seguinte desagregación:

- **Porto Valla Publicidad Exterior SL:** orzamento deseño, colocación e arrendamento durante un mes de espazo publicitario sobre dous valos, por importe total de 629,20 € (IVE incluído).
- **Rótulos Luminosos Rodiño SL:** orzamento fabricación de plantilla de placa galvanizada co texto “Vilagarcía en negro contra a violencia” para colocación nos pasos de peóns, por un importe total de 200,26 €.
- **Empresa Pereira SL,** orzamento arrendamento durante o mes de novembro de soporte publicitario na parte traseira de dous autobuses a por un importe total de 302,50 € (IVE incluído)



- **D. Juan C. Piñeiro Bernárdez**, orzamento subministro e colocación dun vinilo para as ventás traseiras de dous autobuses por importe de 1.815,00 €
- **Subministro de materiais para elaboración polo Servizo Municipal de Obras de soportes publicitarios:**
 - **Metalurgica Cuevas SL:** orzamento subministro 12 chapas de aluminio cru por importe total de 653,40 €
 - **Castroman I, SL:** orzamento subministro diverso material (parafusos, broca, compás, etc), por un importe total de 176,55 €
 - **Maderas Acuña SLU:** subministro de diverso material (40 ud. rast. Pino tratado verde) por un importe total de 145,20 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5106

Dáse conta de proposta da Área de Igualdade con motivo da celebración o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, dunha serie de actividades entre as que está previsto realizar unha andaina o 23 de novembro, entre as 10:00 e as 13:00 horas, co seguinte percorrido: Saída dende a Praza da II República para continuar por Avda. da Mariña, Rúa Castor Sánchez, Rúa Méndez Núñez, Rúa Conde Vallellano, Praza de Galicia, Rúa Alcalde Rey Daviña, Rúa Castor Sánchez, Avda. Juan Carlos I e rematar na Praza Ravella.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á reserva de espazo pola zona onde sae a andaina (explanada TIR, Rúa Elpidio Villaverde, Av. Mariña) para o estacionamento dos autobuses que traerán ao alumnado dende os distintos centros escolares e punto de recollida para regreso aos respectivos centros.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/5109

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Somoza Núñez, en representación de **Asociación Mulleres Rurais Os Borrizos de Cornazo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun magosto o vindeiro día 24 de novembro de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/5110

Vista a solicitude de Dona M^a Olga Renda Diz, en representación da **AA.MM.RR. Anduriña de Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Socorro en Sobradelo o vindeiro día 21 de novembro:

- Actuación do Grupo de Gaitas da Asociación Cultural Nós de Sobradelo por un importe de 391,00 €.



Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/5111

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o anteproxecto de “Carril bici no Paseo Marítimo de Vilagarcía de Arousa e reordenación Rúa Valle Inclán-Victor Pita”, redactada polo Arquitecto D. Alexandre Mouriño Fernández (AM2 Arquitectos), cun orzamento de 1.014.840,00 € e que foi supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal en data 7 de novembro de 2018.
2. Remitir o anteproxecto á Demarcación de Costas do Estado en Pontevedra, aos efectos de que emita informe dentro do ámbito das súas competencias.

PRP2018/5112

Dáse conta da Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos Galaico-Romanos da Provincia de Pontevedra, remitida pola Deputación Provincial, na que se acorda:

Primeiro: Modificar a CLÁUSULA SEGUNDA B.1 incluíndo o financiamento, execución, dirección e coordinación de todas as actuacións especificadas no proxecto de intervención arqueolóxica para a consolidación e acondicionamento do xacemento de Alobre (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). Así como a solicitude dos permisos que sexan necesarios de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Segundo. Modificar a CLAUSULA TERCEIRA incluíndo o financiamento para esta actuación nunha contía máxima de setenta mil oitocentos trinta e tres con corenta céntimos de euros (70.833,40 €).

Terceiro: O resto de cláusulas do convenio suscrito permanecen inalterables e esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a addenda citada e que se remita o presente acordo á Deputación Provincial, xunto coa declaración responsable que achegan.

PRP2018/5113

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 150.219,46 €, con destino ao financiamento do investimento “Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” (Expte. 2018049740) cun orzamento por importe de 287.642,76 €, distribuída do seguinte xeito:

Axustado	Orzamento €	Subvención €	Fondos propios do Concello/achegas doutras administracións públicas €
2018	287.624,76	150.219,46	137.405,30 (FEDER UNIÓN EUROPEA)
2019	0,00	0,00	0,00
TOTAL	287.624,76	150.219,46	137.405,30 (FEDER UNIÓN EUROPEA)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/5114



Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2018 de adxudicación á Empresa EUROTEC INSPECCIÓN SLU do contrato menor de servizos para o para o Plan de Control de Calidade do investimento denominado “Mellora de camiño rural na Rúa Real en Cea (da R/ Antuín á R/ Carballos) por un importe total de 1.205,16 € (IVE incluído), figurando no mesmo:

“Solicitados orzamentos a tres empresas resultan as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21 %	Oferta (IVE engadido)
Eurotec Inspección, S.L.U	996,00 €	209,16 €	1.205,16 €
Estabiliza Geotecnica, S.L.	1.540,00 €	323,40 €	1.863,40 €
Renova Integral Services, S.L.	1.687,95 €	354,47 €	2.042,42 €

E debendo figurar:

Solicitados orzamentos a tres empresas resultan as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21 %	Oferta (IVE engadido)
Eurotec Inspección, S.L.U	996,00 €	209,16 €	1.205,16 €
Renova Integral Services, S.L.	1.395,00 €	292,95 €	1.687,95 €
Estabiliza Geotecnica, S.L.	1.540,00 €	323,40 €	1.863,40 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2018/5138

Dáse conta do expediente de contratación CT 91/2018-E Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2018-19 e festas de Santa Rita e San Roque 2019, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado e desconexión das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das Festas de Santa Rita e San Roque 2019, cun orzamento de licitación de 80.000,00 € (IVE incluído).

Dáse conta da única oferta presentada por **Iluminaciones Santiaguesas SL**.

Oferta Técnica:

Puntuación: 15.0 Motivo: Outórgase a puntuación tendo en conta a orixinalidade dos deseños ofertados para a iluminación ornamental, así como o número de elementos previstos nos pregos, a calidade e a seguridade das instalacións e a mellor eficiencia enerxética (criterios de valoración previstos en PCAP).

Oferta Económica e criterios evaluables automaticamente da empresa:

- Un prezo de 65.400,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 13.734,00 €, o que totaliza un importe (IVE incluído) de 79.134,00 €.

- Declara posuír certificado de xestión da calidade ISO 9001 ou equivalente.

- Declara posuír certificado ISO 14001 de xestión ambiental ou equivalente.

- Durante a execución do contrato comprométese a manter adscrito ao mesmo unha porcentaxe de traballadores indefinidos con respecto ao número total de traballadores da empresa do 60 %.

- Compromiso de adscribir á execución do contrato aos profesionais a maiores dos esixidos como solvencia técnica que se indican a continuación:

Oficial electricista con carné oficial de instalador: 3 persoas/s.

Grao en enxeñería industrial, enxeñeiro/a técnico/a industrial ou titulación equivalente: 1 persoa/s

Una vez aplicados los criterios de valoración contidos no Prego de cláusulas administrativas particulares, o resultado es o seguinte:

CIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.:

- Posuír certificado de xestión da calidade ISO 9001 ou equivalente: Valor introducido polo licitador: Valor achegado pola mesa: Puntuación: 0.0 Motivo: Non se acredita a vixencia da certificación ISO 9001 (expedida no ano 2009).



- Oferta económica-Prezo (sen IVE): Valor introducido polo licitador: 65.400.0 €. Valor achegado pola mesa: 65.400.0 €. Puntuación: 20.0 Motivo: Aplicación fórmula prevista en PCAP.

- Posuír certificado ISO 14001 de Xestión Ambiental ou equivalente: Valor introducido polo licitador: Valor achegado pola mesa: Puntuación: 0.0 Motivo: Non se acredita a vixencia da certificación Iso 14001 (expedida no ano 2009).

